EN NEGRO
CONTRA A
VIOLENC



O XOGO DOS ROLES

Exploremos os micromachismos

Unidade didáctica para mozos e mozas de 12-14 anos


A través de varios personaxes construiremos diferentes guións que permitan analizar e ser conscientes dos moitos comportamentos machistas que nos rodean, moitos dos cales son considerados ‘normais’.

De forma sinxela podemos crear un pequeno sketch, gravalo e difundilo nas redes sociais; sobre todo invitamos ás/aos estudantes a escoitar conversas na rúa ou na casa e, a partir delas, crear novos guións, isto axudará a pasar dunha consideración particular ao xeral, e analizar os roles que posiblemente sexan moi familiares.

1



Descarga as caras e os ‘bocadillos’ da web ennegrocontraasviolencias.gal; imprímeas sobre un papel un pouco groso, ou encólaas sobre cartolina e recórtaas; despois podes poñerlles un pau para suxeitalas, ou ben facer-lles pequenos orificios nos laterais para colocarlles unha goma; recorta o nariz e fai dous buratos pequenos nos ollos, así teremos as caretas e os guións.




Mulleres!,
sempre temos
que esperar por elas!
Agarda,
vou recoller a roupa
que deixaches
sobre o sofá


Tes razón Carlos, moi boa idea!
Debemos instalar novos dispositivos...


2




Mentres uns poñen as caretas e van colocando os ‘bocadillos’ que consideren oportuno, outra persoa pode gravar a acción –ou facer fotos– e compartilas nas redes sociais.

Poñede o hastag #ContraAsViolencias (mellor en Twitter, pero tamén as podedes compartir no Facebook e Instagram, así poderemos velas na sección de “Colleita” da web)


CARETAS






Material dispoñible na web ennegrocontraasviolencias.gal


DESCARGAS MATERIAIS XENÉRICOS DA ACCIÓN — XOGOS DOS ROLES








GUIÓN 1


Como poderiamos ser máis eficaces?
Penso que debemos instalar novos dispositivos para mellorar a capacidade da empresa...
Non podemos quedarnos obsoletos



Debemos instalar novos dispositivos...
Se acabo de dicilo eu!
Tes razón Carlos, moi boa idea!

GUIÓN 2



Ola...
Adeus!
Non queremos
nenazas neste grupo
Pero a ti...
que raios che pasa,
cada quen é como
quere!


Ou acaso tes medo
de que che gusten...,
demasiado!
Déixate de tolerías!
A min os maricóns
non me van!

GUIÓN 3


Laura, estas lista?
Mulleres!, sempre temos que esperar por elas!
Agarda, vou recoller a roupa que deixaches sobre o sofá

GUIÓN 4


Imos ir xuntos á festa?
Pois quedei cos colegas...
Vaia... pensei que iriamos xuntos
Xa.... pois se me queres de verdade, non vaias

3

Tomando como modelos os anteriores guións, invita ás rapazas e rapaces a buscar conversas que podan identificar como machistas.

Crear guións a partir das conversas e, se é necesario, debuxar novos personaxes.

4

Buscar conversas de empoderamento das mulleres, que nos sirvan de modelo para construir novos guións.

Experimenta tamén cambiando os roles, quen pensas que pode estar dicindo as frases e analizar por que.





Edición gratuíta para En Negro Contra As Violencias
Descargable dende a web:
ennegrocontraasviolencias.gal

Idea, guión e deseño: Uqui Permui (uqui.net)
Ilustracións: Minia Regos

Todo o material desta unidade esta suxeito a unha licenza CCC (Recoñecemento – NonComercial – CompartirIgual)



Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a súa distribución debe facerse cunha licenza igual á que regulamenta a obra orixinal.